


ABAU: Ejercicio práctico:

-Mapas das principais áreas industriais de España.




A industria localízase nos espazos que ofrecen factores máis vantaxosos para alcanzar o máximo beneficio. Estes factores varían para cada sector industrial e ao longo do tempo.

• OS FACTORES CLÁSICOS DE LOCALIZACIÓN INDUSTRIAL (páx. 218) (215)

No período 1855-1975 influíron máis os chamados factores “clásicos” de localización industrial:


- **Proximidade ás materias primas e fontes de enerxía.**
- **Mercado de consumo amplo**, que lles asegura ás empresas un mínimo de rendabilidade e propicia as economías de escala.
- **Man de obra** abundante e barata, ou ben preparada para traballar.
- **Sistemas de transporte** eficaces para os produtos.
- **Capital** ou capacidade para atraelo.
- **Sectores de apoio:** servizos, boas infraestruturas e equipamentos.
- **Política industrial** favorable á implantación de fábricas.



As primeiras áreas industriais concentráronse en **Madrid** e na **periferia peninsular**, en relación con certos factores de localización:

- as **áreas de base extractiva** localizáronse xunto aos depósitos mineiros (Málaga, Asturias, P.Vasco, Cantabria), para aforrar os gastos de transporte.
- as **áreas de base portuaria** localizáronse xunto a certos portos (Bilbao, Avilés, Barcelona, Valencia) para asegurar o aprovisionamento ou a saída de produtos.
- as **áreas urbano-industriais** xurdiron nas cidades, que achegaban mercado de traballo e de consumo, servizos, equipamentos...

No resto do territorio só se crearon **focos industriais dispersos**, baseados en producións tradicionais, sobre todo de orixe agraria (fariña, azucre...)



● A tendencia á concentración industrial

Durante o período 1855-1975, as industrias tenderon a concentrarse en grandes aglomeracións urbano-industriais, onde podían beneficiarse das economías externas derivadas da aglomeración: proximidade de empresas auxiliares e complementarias, facilidades para o abastecemento, o transporte e a obtención de man de obra; proximidade ao mercado; existencia de numerosos servizos e equipamentos colectivos e doado acceso á información e a innovación. Estas vantaxes tenden a atraer a estas concentracións a un número crecente de industrias dependentes ou relacionadas coas existentes.


*Durante o primeiro terzo do s.XX e a época franquista consolidáronse os **desequilibrios territoriais na distribución da industria**. Ata a década dos 60 afianzaron a súa **hexemonía industrial as rexións da franxa cantábrica** (P. Vasco, Cantabria e Asturias), especializadas nos sectores básicos (siderurxia) con predominio, en moitos casos, de grandes empresas de titularidade pública, as **rexións mediterráneas** (Cataluña, C.Valenciana), que contaban cunha maior diversificación industrial e maior peso da industria lixeira e **Madrid**, onde destacaba unha importante diversificación e a presenza de industrias modernas.*



A partir da década dos 60, iniciouse certa **difusión industrial** cara a espazos novos. Ese feito debeuse:

- ao **traslado das industrias desde as grandes aglomeracións urbano-industriais cara ás súas periferias**, asentándose en polígonos onde podían atopar solo máis barato, eses movementos seguiron os eixes marcados polas vías de comunicación.
- creáronse **eixes industriais nacionais** ao longo das vías principais vías de comunicación entre as rexións máis industrializadas, como os incipientes eixes do Ebro e do Mediterráneo.
- a **política de desenvolvemento industrial do franquismo**, que incentivaba o asentamento de industria en zonas atrasadas mediante a concesións de subvencións, desgravacións fiscais, solo industrial barato... tivo resultados mediocres, pero permitiu a creación de **eixes industriais rexionais** como os do litoral galego, e o de Andalucía occidental e de **enclaves industriais illados**, como os de Puertollano ou Valladolid.

No resto do territorio español a industrialización foi escasa. Limitouse ás capitais de provincia e a algúns enclaves illados, baseados en producións tradicionais.




• OS FACTORES ACTUAIS DE LOCALIZACIÓN (páx. 233) (229)

Desde a década de 1980 obsérvanse cambios nos factores e nas tendencias da localización industrial, aínda que **se manteñen as grandes concentracións industriais herdadas**.

Os cambios da terceira Revolución Industrial, consolidada desde a década de 1970, fixeron que algúns factores clásicos de localización perdan a importancia que tiveron en épocas pasadas, mentres **gañan relevancia novos factores**.

- **Perde importancia a proximidade aos recursos naturais** ante o abaratamento do transporte das materias primas e a creación de substitutos sintéticos para algunhas delas e ante a facilidade para o transporte de enerxía eléctrica. **Tamén decrece a importancia da proximidade ao mercado de consumo**, dada a mellora dos transportes e das comunicacións e a ampliación das áreas de venda no contexto da globalización.



- **Manteñen a súa relevancia a dispoñibilidade de bos sistemas de transporte e comunicación e a man de obra**, tanto para as industrias que requiren moita e pouco cualificada, como para as que necesitan profesionais cualificados.

A “Atalayuela” é unha área industrial de gran superficie e de futuro prometedor, que destaca pola súa situación estratéxica cercana ao Ensanche de Vallecas, cunha poboación en crecemento e onde residen xa uns 100.000 habitantes. A súa accesibilidade é moi boa por atoparse ao oeste ca M-40, próxima á M-45, á M-50, á A-4 (Estrada de Andalucía) e á A-3 (Estrada de Valencia).

- Os principais factores actuais de localización son o acceso á innovación e á información, e as vantaxes competitivas proporcionadas polo territorio.

O acceso á innovación e á información é esencial para a competitividade das industrias actuais. Polo tanto, algunhas, especialmente, as de alta tecnoloxía, tenden a localizarse nos chamados «medios innovadores», caracterizados pola presenza de man de obra moi cualificada, centros de investigación, infraestruturas telemáticas e servizos avanzados.

O territorio tamén adquire cada vez máis peso como factor de localización industrial, cando lles proporciona vantaxes competitivas ás empresas instaladas nel. Entre elas destacan a existencia de recursos transformables, unha man de obra numerosa ou cualificada, un contorno empresarial innovador e de cooperación, e o apoio dos axentes sociais ás empresas.



● As tendencias actuais: difusión e concentración

Os cambios sinalados modificaron as tendencias de localización industrial: acentúase a difusión de parte da industria cara a espazos periféricos, á vez que se mantén o forte atractivo das áreas urbano-industriais máis desenvolvidas.

a) A difusión de parte da industria cara a espazos periféricos ata agora pouco atractivos débese aos seguintes factores:

- **Os problemas que presentan as grandes concentracións industriais** (deseconomías de aglomeración): a saturación e o conseguinte encarecemento do solo, dos equipamentos e das infraestruturas; o aumento da conflictividade laboral e da carestía de man de obra, e a deteriorización do medio xogan a favor de localización con menores custos.

- **As melloras tecnolóxicas e no transporte** permiten localizar as industrias nas localizacións máis ventaxosas.

- **O desenvolvemento da industrialización endóxena** baseada nas vantaxes competitivas de cada territorio atrae cara a certos espazos ás industrias que se benefician das súas vantaxes.



Os sectores industriais máis afectados pola desconcentración ou deslocalización son os **sectores maduros**, pouco esixentes en tecnoloxía e moi consumidores de recursos e de man de obra, que deben competir ofrecendo prezos baixos.


Estes **tenden a desprazarse aos espazos periféricos onde poden reducir os custos de produción**: países subdesenvolvidos, rexións máis atrasadas, periferias urbanas e, mesmo, áreas rurais ben comunicadas.

Non obstante, hai que ter en conta que, ás veces, o uso de novas tecnoloxías pode frear a deslocalización, ao favorecer a reintegración de industrias cara a espazos centrais ou permitir a modernización in situ dos sectores tradicionais.


Al revés

A pesar del crecimiento de las marcas de moda españolas como Zara, los empleos de producción en España han caído a medida que esos puestos han sido trasladados al extranjero y la economía sufre.

Ventas globales de Inditex en miles de millones de euros



Empleos en la producción textil y la confección en España, en miles



1.000 millones de euros = US\$1.290 millones

Fuentes: Inditex; Centro de Información Textil y de la Confección de España The Wall Street Journal



b) A concentración industrial nos espazos centrais mantense tamén dado o seu forte atractivo. Neles tenden a instalarse os sectores de novas tecnoloxías, que esixen servizos e infraestruturas avanzados e un mercado de maior nivel, con compradores para bens de alto contido tecnolóxico. Tamén buscan localizacións centrais as sedes sociais e de xestión das empresas.

Estas actividades adoitan concentrarse nos espazos centrais, como os países máis avanzados, as rexións máis dinámicas, os núcleos centrais das áreas metropolitanas ou os sectores máis valorados das súas coroas.

Así, a situación actual é de complexidade, pois dáse á vez o fortalecemento da capacidade de atracción dos centros industriais e o aumento das forzas difusoras desde estes cara ás súas periferias.



LA INDUSTRIA ESPAÑOLA EN LA ACTUALIDAD: cambios

La producción industrial:

- crecen los sectores intensivos en nuevas tecnologías.
- se rejuvenecen las industrias tradicionales al aplicar estos avances

Otros cambios

- Cambios en la localización industrial: difusión o deslocalización, buscan reducir costes. Favorece la concentración de empresas de alta tecnología en **áreas centrales**.
- Aumento de la producción, aunque en términos relativo pierde peso respecto a los otros sectores, tanto en cuanto a mano de obra como de participación en el PIB

La estructura industrial:

- Descentralización: gracias a las redes telemáticas la gran fábrica se desintegra, constituyendo empresas multiplanta; subcontratación o redes de empresas. Se potencian así las PYMES
- Flexibilización productiva gracias a maquinaria automatizada y fácilmente reprogramable.
- Reducción del tamaño medio de las empresas
- Aumento de profesionales y técnicos cualificados
- Terciarización de la industria:
I+D,

• AS ÁREAS INDUSTRIAIS ACTUAIS (páx. 236) (232)

A localización industrial presenta fortes desequilibrios territoriais, pois existen áreas industrializadas con distintos dinamismos (desenvolvidos, en expansión e en declive) e áreas de industrialización inducida e escasa.



<http://noespazoenotempo.webnode.es/fotogaleria/a-reestructuracion-dos-espacios-industriais/practicos/mapas-ou-planos-sobre-factores-de-localizacion-industrial/>

http://www.ign.es/espmap/industria_bach.htm

<http://slideplayer.es/slide/21521/#>

En España, a **localización industrial mantén na actualidade fortes desequilibrios territoriais**, agravados pola tendencia dos sectores máis dinámicos a localizarse nas rexións máis avanzadas.

As desigualdades na distribución espacial da industria son á súa vez, fonte doutros desequilibrios territoriais na distribución da poboación, económicos e sociais.

Os **desequilibrios demográficos** resultan do éxodo rural entre as áreas do interior peninsular (que experimentaron un proceso de despoboamento e avellentamento demográfico) e os núcleos industriais da periferia e Madrid (nos que a chegada migratoria masiva provocou problemas de vivenda e conxestión).

Por outra parte, as maiores rentas proporcionadas pola actividade industrial (maior riqueza, dotación de infraestruturas, de equipamentos, servizos...) consolidou os **desequilibrios económicos** entre as rexións interiores e periféricas, que se manteñen ata a actualidade e son fonte doutros **desequilibrios sociais**, de benestar, calidade de vida... e no peso político, que lles afectaron negativamente ás rexións menos industrializadas.



ÁREAS INDUSTRIALES DE ESPAÑA.

ESTRUCTURA DE LA INDUSTRIA ESPAÑOLA

- Grandes polos industriales
- Otras áreas industriales
- Pequeños focos industriales
- Nexos entre regiones industriales

EL ESPACIO INDUSTRIAL

- Áreas en declive
- Ejes de expansión
- Zonas de urgente reindustrialización




Océano Atlántico

Mar Mediterráneo

Océano Atlántico

0 87 km







PRODUCCIÓN INDUSTRIAL EN ESPAÑA

● centros industriales	■ regiones industriales
siderúrgica	material eléctrico
construcciones navales	metalúrgica
maquinaria	papel
automóvil	artes gráficas
aeronáutica	textil
petroquímica	cuero y calzado
química	alimentaria